

# PLAN DE ACTIVIDADES 2019



convivencia participación bienestar dinamización  
igualdad cooperación barrios reivindicación rural  
comunidad mejorar vecindanza unidad

---

"AGRUPACIÓN ASOCIACIÓN VECIÑAIS DO  
RURAL E A PERIFERIA MIÑO"



## AGRUPACIÓN DE ASOCIACIONES VECIÑAS DO RURAL E A PERIFERIA DE OURENSE

G32408023

Dende a Agrupación de AAVV do rural e periferia Miño apostamos na execución dun Plan de Actividades anuais para 2019 que dea resposta as necesidades e intereses dos colectivos veciñais integrados.

Unha proposta de actividade consensuada na Asemblea Xeral da entidade a través do cal nos marcamos acadar os seguintes obxectivos que concordan cos principios fundacionais da Agrupación recollidos nos nosos estatutos.

Obxectivos do Plan de actividades:

- Defender o interese xeral das veciñas e veciños diante das Administracións correspondentes coordinando as actividades das AAVV integradas para unha mellor consecución dos obxectivos propostos.
- Defender a participación veciñal na toma de decisión respecto ó deseño, mellora e implantación de novos servizos equipamentos e infraestruturas.
- Facilitar información, asesoramento e axuda técnica as AAVV integradas na defensa dos pobos e barrios aos que representan, dando prioridade a mellora da calidade de vida e o benestar social.
- Organizar actividades formativas, culturais e lúdicas que fomenten a convivencia entre veciñas e veciños de distintas AAVV como ferramenta de cohesión e unidade veciñal ante reivindicacións presentes e futuras.
- Impulsar proxectos sociais de información, sensibilización e apoio integral en materia de igualdade, envellecemento activo e saúde establecendo acordos de colaboración con outras entidades sociais.
- Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

O Plan de actividades 2019 da Agrupación Miño estrutúrase, para conseguir os obxectivos anteriores, en dous bloques.

- I. Reivindicacións
- II. Dinamización Veciñal



## I. REIVINDICACIÓN

Dende a AGRUPACIÓN MIÑO faremos especial fincapé na defensa do interese xeral das AAVV integradas trasladándolle as Administracións correspondentes as demandas do movemento veciñal. A continuación recóllense as principais peticións para este ano 2019:

- **PLAN DE INVESTIMENTOS NO RURAL E PERIFERIA.** Solicitaremos a execución das obras que quedaron sen adjudicar da 1<sup>a</sup> fase (2017) coma as da 2<sup>a</sup> fase (2018) así como a convocatoria trimestral da comisión de seguemento das mesmas. Esixiremos o aumento da partida orzamentaria para a Concellería de Perímetro Rural de cara a o novo orzamento municipal.
- **ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.** Solicitarase que se dedique unha cantidade non inferior os 500.000 euros para os orzamentos participativos, nos que a veciñanza poida decidir as prioridades de cada pobo e barrio en materia de infraestruturas , servizos, equipamentos e actividade. Marcando como obxectivo que esta partida chegue a acadar o 1% do orzamento xeral do Concello.
- **LIMPEZA NO RURAL E PERIFERIA.** Reiteraremos a nos petición de que se faga cumplir a ordenanza de limpeza e as condicións do contrato do servizo de limpeza nos núcleos rurais e periferia, tanto na limpeza viaria coma na recollida de lixo. Esixindo a rescisión do contrato coa empresa concesionaria de non cumplirse as condicións.
- **PLAN XERAL DE ORDENACIÓN.** Solicitaremos a aprobación dun PXOM que recolla as alegacións presentadas polos colectivos veciñais e resolva a problemática das vivendas fora de ordenación nas zonas rurais e periféricas.
- **PARTICIPACIÓN VECIÑAL.** Solicitaremos a presencia de representantes veciñais na nos procesos de renovación dos contratos de servizos que afectan ao interese xeral actualmente en precario. (*Exemplo: Servizo de autobuses urbanos*) ou servizos en caducaran en breve. (*Exemplo: Servizo de limpeza viaria e recollida de lixo*)
- **TAXAS:** Solicitarase a modificación da ordenanza de taxas, para que as entidades sen ánimo de lucro non paguen pola utilización de espazos municipais nin espazos públicos cando realizan actividade de interese xeral para a veciñanza.
- **AXUDAS MUNICIPAIS.** Esixiremos a elaboración de novas Bases de Subvencións más transparentes, claras e xustas nas cales se fagan públicas os criterios de



avalización, as puntuacións obtidas e as cantidades concedidas. Apostando pola recuperación de axudas actualmente eliminadas como a de Equipamento por parte da Concellería de Participación Cidadá, actividades culturais e axuda en especie para festas patronais da Concellería de Cultura. Ademais solicitarase a inclusión do Convenio da Agrupación nos novos orzamentos municipais incrementando a súa cuantía.

- **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.** Solicitaremos o cumprimento do actual Regulamento de Participación Cidadá en especial no referido aos dereitos das veciñas e veciños de participar na vida pública do Concello. Esixiremos o cumprimento da normativa en materia de declaración de utilidade pública así como a actualización do regulamento creando os Consellos de distrito e o Consello Social da cidade.

## II. DINAMIZACIÓN VECIÑAL

Dende a AGRUPACIÓN MIÑO organizaremos un conxunto de actividades co obxectivo común de fomentar a convivencia entre veciñas e veciños dos distintos pobos e barrios:

- **CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN.** Durante todo o ano, gracias ao acordo entre entidades sociais coa Agrupación Miño, achegaremos aos locais sociais das AAVV integradas temáticas do seu interese. Algunha das iniciativas previstas son
  - **“Miño di non a violencia machista”.** Repetiremos por terceiro ano unha campaña que aposte de xeito decidido pola eliminación de calquera forma de violencia contra as mulleres sensibilizando nas Asociacións Veciñais sobre como actuar ante o mínimo síntoma de machismo.
  - **“Diabetes de preto”.** Por segundo ano en colaboración coa Asociación Diabética Auria achegaremos información especializada sobre a diabetes e hábitos de vida saudable as AAVV que o soliciten.
  - **Convivencia con mascotas.** En colaboración coa Asociación de Propietarios de Mascotas apostase por segundo ano pola concienciación e sensibilización para a convivencia coas mascotas en especial nas zonas verdes e espazos públicos.
- **IX CONVIVENCIA VECIÑAL:** Celebraremos o dia 25 de maiono Campo da Feira unha xornada festiva de convivencia entre distintas Asociacións Veciñais do rural e periferia compartindo un xantar de confraternización.



**AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓNES VECIÑAS  
DO RURAL E A PERIFERIA DE OURENSE**  
**G32408023**

- **IX ANDAINA VECIÑAL:**Na primaveira organizamos unha xornada de lecer saudable fomentando a convivencia entre Asociacións Veciñas mediante unha Andaina que percorre as beiras do Rio Miño pondo en valor os recursos termais e paisaxísticos.
- **VIAXE CULTURAL.**Apostamos por fomentar a convivencia entre distintas Asociacións Veciñas organizando no mes de abril unha viaxe a un destino de especial valor cultural, patrimonial, medioambiental.
- **ESPAZO VECIÑAL.** Impulsamos o noso local social como un espazo de encontro, convivencia e debate colaborando coas actividades de aquelas iniciativas sociais que necesiten un lugar de reunión para desenvolver as súas actividades. Un espazo no que combinamos Obradoiros participativos coa realización de Asambleas Veciñas xerando un espazo de participación e debate sobre as temáticas que afecten as veciñas e veciños.
- **II EDICIÓN. PALILLEIRAS DO MIÑO.**Organizamos, por segundo ano consecutivo, unha xuntanza de Asociacións Veciñas para compartir afección e experiencias entorno ao Encaixe de Bolillos.
- **ASAMBLEAS INFORMATIVAS.**A raíz das propostas das Asociacións Veciñas integradas realizamos diversas Asembleas Abertas na que persoas especializadas abordaron temáticas de interese.
- **OBRADOIROS PARTICIPATIVOS.**Durante todo o ano desenvolveremos no local social diversos obradoiros participativos que ademais de forman fomenten a participación e convivencia das veciñas e veciños do rural e periferia. Uns obradoiros entre os que destacaran:
  - **Poda e enxerto:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de poda e enxerto de tódalas variedades de arbores frutais. Cunha participación prevista de 50 persoas distribuídos en 2 grupos de 25 alumnos, os que se dotará dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso. Impartíranse clases teóricas na sede social os martes e xoves de 18:00 a 20:00 horas, no mes de marzo, cunha duración de 8 horas e unha clase práctica nunha finca no pobo de Pedraio (Pereiro de Aguiar) de 16:30 a 18:30, no mes de marzo, o desprazamento farase en autocar con saída da Alameda as 16:00, a finalización sorteáranse entre os alumnos material de poda.
  - **Informática: Excel para directivas:**Reforzaremos a labor das directivas das AAVV integradas cunha formación específica sobre o manexo de



ferramentas informáticas como o programa Excel aplicadas a xestión de entidades.

- **Elaboración de conservas:** A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas.
- **Arte Floral:** A finalidade dos mesmos e que os participantes no mesmo adquiran técnicas en arte flora
- **ESPAZO PARA A IGUALDADE: APOIO INTEGRAL A MULLER.** Coa finalidade de potenciar e por en valor o papel da muller no movemento asociativo apostamos por cooperar con distintos colectivos de mulleres para usar o noso local social como un Espazo para a igualdade. Un lugar no que debater, compartir, e artellar iniciativas que fomenten os valores de igualdade, servizos de apoio integral a muller e o feminismo como por exemplo xa ocorreu con colaboracións con colectivos feministas, asociacións de mulleres migrantes e faladoiros sobre prostitución e violencia sexual.
- **V XUNTANZA DO NADAL.** Remataremos a programación de actividades o día 2 de decembro no Liceo, Tratase de render homenaxe a unha persoa por cada asociación integrada, pola súa contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa e uns pinchos para despedir o ano.



AGRUPACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAS  
DO RURAL E A PERIFERIA DE OURENSE  
G32408023

José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidad de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense.

CERTIFICO: Que o presente Plan de actividades 2019, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Asamblea Xeral do dia 21 de Febreiro de 2019. E para que así conste, asino o presente o día vintedous do mes de Febreiro de dous mil dezanove.

Asinado:

O Secretario.  
Jose Manuel García Casares.



Visto e prace:

A Presidenta.  
Lorinda Fernández Faria.